

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 29 de xullo de 2021 pola que se amplía o prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento establecido na Resolución do 17 de decembro de 2020 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para 2021, en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Emprende) (código de procedemento IG406F).*

Mediante a Resolución do 17 de decembro de 2020 publicouse o acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para 2021, en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Emprende) (DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2021).

No primeiro parágrafo do punto quinto do resolvo establécese que o prazo máximo para resolver e publicar a resolución será de 5 meses desde a publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, é dicir, ata o 8 de xuño, transcorrido o cal poderase ter por rexeitada a solicitude.

Mediante a Resolución do director xeral do Igape do 4 de xuño de 2021 (DOG núm. 116, do 21 de xuño) ampliouse o prazo de resolución ata o 30 de xullo de 2021, en atención ao elevado número de solicitudes presentadas. Porén, non é previsible ter rematado a resolución da convocatoria e a notificación a todos os solicitantes antes desa data.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

RESOLVO:

Artigo primeiro. Ampliar ata o 8 de outubro de 2021, inclusive, o prazo para resolver e publicar a resolución, previsto no primeiro parágrafo do punto quinto do resolvo da Resolución do 17 de decembro de 2020 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores,



cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para 2021, en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Emprende).

Artigo segundo. Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2021

Fernando Guldrís Iglesias  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

CVE-DOG: b4fbbxa6-gdl6-ttr3-1zj8-j27pu5qb87s0

